



DAVID LAMAS BLANCO

Clarinete

Nace en Ourense e comeza a súa relación coa música e co clarinete aos 7 anos no Conservatorio Profesional de Ourense cos profesores Sergi Perelló Blanquer e Nicanor Domínguez Cid, co cal conclúe os estudos de grado medio.

En 2007 realiza un concerto como solista coa Banda Municipal de Ourense. En 2008 ingresa no Conservatorio Superior de Música da Coruña da man da profesora Mariola Gil Lago e tamén recibindo clases do clarinetista Iván Marín, asistente principal da Orquesta Sinfónica de Galicia. No ano 2013 finaliza os seus estudos de clarinete no Conservatorio Superior da Coruña coa cualificación de Sobresaliente.

Ganador do concurso de solistas para realizar un concerto coa Banda Municipal da Coruña. Asistiu a clases de clarinetistas profesionais como: José Vicente Herrera, José Luís Estellés (profesor de Musikene), Francisco Pérez Rodríguez, Iván Marín (asistente principal da Orquesta Sinfónica de Galicia), Juan Ferrer (solista da Orquesta Sinfónica de Galicia), Josep Sancho, Venancio Rius Martí (concertista internacional), Pascual Martínez Forteza (solista da Orquesta Filarmonica de Nova York), Carlos Casadó (clarinetista principal da Orquesta Nacional de Madrid) e Roeland Hendrix (solista da Orquesta Nacional de Bélxica e profesor do Conservatorio de Maastricht en Holanda).



ROCÍO BALBOA

Frauta

Nace na Coruña, cidade onde termina os seus estudos de Grado Profesional co profesor Fernando Gracia.

Completa a súa formación asistindo a diferentes cursos con mestres como Vicens Prats, Jorge

Caryevschi, Walter Auer, Will Offermans, Magdalena Martínez, Jullo Gallego, Antonio Nuez, Fernando Gómez, Antonio Arias, Álvaro Octavio ou Salvador Martínez., entre outros.

É seleccionada para formar parte da NOGA (Nova Orquestra Galega das Artes) no ano 2007 e da BASIAJ (Banda Sinfónica del Instituto Aragonés de la Juventud) do ano 2009 ao 2012, onde é dirixida polos mestres Bert Appermont, David Maslanka, Matteo Giovanni Aderi e Jordi Francés. Actúa como solista coa Orquesta do Conservatorio Profesional da Coruña e coa Banda de Jóvenes Músicos de Aragón, coa que grava en CD o repertorio interpretado.

Obtén os seguintes premios: Primeiro Premio no V Concurso Musical Caixanova na categoría de Cámara co Quinteto Ma non troppo no ano 2009 e Primeiro Premio no II Certamen de Intérpretes Mozos *Hernán Naval* no ano 2010.

Actualmente cursa o último ano dos estudos de Grado Superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a tutela do profesor Miguel Gil.

É profesora de flauta na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela.

CORAL POLIFÓNICA "EL ECO"



A Coral Polifónica "El Eco" da Coruña foi fundada en decembro de 1881 por Pascual Veiga, autor do Himno Galego e da soada Alborada Galega. Outros Mestres Directores que lle sucederon ante tan longa vida e sen interrupcións, foron: José Castro "Chané", José Baldomir, Mauricio Farto, Rodrigo A. de Santiago, González de Velasco, Francisco Méndez, Rogelio Groba, etc.

Das súas filas saíron cantantes como Antonio Campó, María Uriz, Fernando Navarrete, Joaquín Deus, Carmelo Parada, Enrique V. Yebra, Jesus Arias, Jose Villamor, Enrique Paz, Antón de Santiago, Fernando Balboa ou internacionais vocalistas como Pucho Boedo, Camino, Manolito e Javier de Paz, actualmente compositor de coñecido prestixio.

É a Coral máis antiga da Península Ibérica en activo,

é Órgano Oficial do Excmo. Concello da Coruña, Medalla de Prata e Ouro da cidade da Coruña e Medallas de Ouro en París e Oporto, entre outros premios e galardóns.

O seu repertorio é amplo e heteroxéneo, abarca toda a polifonía "a capella", relixiosa e profana, antiga e moderna, internacional, nacional e rexional. Acompañada de Orquestra ou Banda "El Eco" interpretou óperas, operetas, zarzuelas, cantatas e oratorios.

Intervén nas tempadas de ópera da Coruña, Vigo, Oviedo e Madrid. O seu repertorio operístico rexistra máis de trinta títulos compartindo cartel con cantantes tan notables como Renata Tebaldi, Alfredo Krauss, José Carreras, María Luisa Nache, Montserrat Caballé ou Leo Nucci.

As súas intervencións fóra de Galicia non son todas as desexadas pola falta de axudas. Pese a todo, e a base de recursos propios, nestes últimos anos participaron no Festival Internacional de Faro e Oporto, no Festival Internacional Intercéltico de Lorient (Francia), no Festival de Habaneras de Torreveja (Alacante), e nos certámenes de Música Coral de Avilés, San Vicente da Barqueira, Burgos...etc.

É de destacar a participación no último Xacobeo do Milenio coa Orquesta Sinfónica do Conservatorio de Música de Valencia, onde se estrea o *Canon do Peregrino*, de José M^a Cano e a canción *Torres de Compostela* co cantante Francisco, editada en CD pola Xunta de Galicia.

Dirixe actualmente a Coral Pedro Martínez Tapia.

NOTAS AO PROGRAMA

I VESPRI SICILIANI (Abertura)

G. Verdi (1813 -1901)

Giuseppe Verdi (Roncole 1813 - Milán 1901) compuxo esta ópera cando alcanzara a cúspide da súa fama, pois facía só dous anos que estreara *La Traviata*.

A obra foi un encargo da Ópera de París e, entre outras imposicións, esixiu a Verdi que a obra debería de adaptarse ao formato de "Grand Opera" imperante na capital francesa e cuxo máximo expoñente era Meyerbeer. Polo tanto, a ópera tería 5 actos, acabados todos eles nun gran concertante; estaría cantada en francés e debería haber un ballet obrigatoriamente no acto terceiro. Outro punto conflictivo foi a imposición do libreto, obra de Eugène

PROGRAMA

I

VÍSPERAS SICILIANAS

(Abertura)

G. Verdi (Transc.: P. Desprey)

CONCERTINO PARA CLARINETE C. M^a von Weber (Trans.: Marco Tamanini)

Solista: **David Lamas Blanco**

* INTRODUCCIÓN E RONDO CAPRICCIOSO C. Saint - Saëns (Trans.: José Luis Represas)

Frauta solista: **Rocío Balboa**

II

Coa colaboración da **Coral Polifónica " EL ECO"** (Director da Coral: **Pedro Martínez Tapia**)

LA FORZA DEL DESTINO

(Abertura)

G. Verdi (Transc.: Franco Cesarini)

CORO DI ZINGARI

(De "Il Trovatore")

G. Verdi (Transc.: José Luis Represas)

CORO DI CROCIATI E PELLEGRINI

(De "Il Lombardi")

G. Verdi (Transc.: José Luis Represas)

* CORO DI ZINGARELLE E MATTADOR

(De " La Traviata")

G. Verdi (Transc.: José Luis Represas)

VA PENSIERO

(De " Nabucco")

G. Verdi (Transc.: José Luis Represas)

*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos pégase desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



Scribe e do seu "negro" Charles Duveyrier. Verdi, que non estaba en absoluto afeito a tales imposicións e que xa pasara polos seus anos de "galera", tivo que loitar o indecible contra a dirección do teatro e, á vista dos resultados, con escaso éxito. A estrea - co título de *Les Vêpres Siciliennes* - tivo lugar o 13 de xuño de 1855, acadando un rotundo éxito malia que parecía que o argumento podería ferir o orgullo francés.

Ese mesmo ano de 1855 a obra estreouse en italiano en dúas cidades simultaneamente, Parma e Turín, o 26 de decembro. A censura impuxo algunhas modificacións ao libreto e houbo de cambiarse o título da ópera polo de *Giovanna dii Guzman*. Non foi ata 1856 cando a obra representouse coa súa libreto orixinal, traducido ao italiano, na Scala de Milán o 4 de febreiro, co nome de *I Vespri Siciliani*. Esta versión italiana é a que prevaleceu sobre a francesa, que apenas se representa na actualidade.

CONCERTINO en Mi b Mayor para clarinete **C. Mª von Weber (1786 - 1826)**

Carl Maria von Weber compuxo un concertino e dous concertos para clarinete e orquesta. A primeira peza, o Concertino, en Mi bemol maior, op. 26, foi estreada polo clarinetista bávaro Heinrich Bärmann (1794 - 1847) o 5 de abril de 1811, e tivo tanto éxito que o rei Maximiliano I de Baviera, inmediatamente comisionou outros dous concertos.

A estrutura da obra responde á forma tradicional dos concertos clásicos: *Adagio ma non troppo*, *Andante* (tema con variacións) e *Allegro*.

A versión que hoxe interpretará David Lamas é unha transcripción de Marco Tamanini.

INTRODUCCIÓN E RONDÓ CAPRICHOSO **C. Saint - Saëns (1835 - 1921)**

En 1859, cando tiña 15 anos de idade e xa era un virtuoso recoñecido, Pablo de Sarasate visitou ao soado compositor francés Camille Saint-Saëns e encargoulle un concerto para violín que aquel, compracido procedeu a compoñer. A partir de entón os dous músicos chegarían a converterse en grandes amigos. Segundo contaba o violinista español Juan Manén, contemporáneo de ambos, na década de 1860 Saint-Saëns e Sarasate debían interpretar dúos "nos máis conspicuos salóns parisiños" sen outra retribución que as ceas servidas despois do concerto.

Catro anos máis tarde, en 1863, Saint-Saëns escribiu unha peza máis en solitario dedicada especialmente a Sarasate: *Introducción e Rondo Capriccioso*

en La menor para violín e orquesta, op. 28. Sarasate estreou esta obra en París o 4 de abril de 1867 e desde aquela data ata hoxe, seguiu sendo unha das composicións máis populares de Saint-Saëns e interpretada polos mellores violinistas.

Na *Introducción e Rondo Capriccioso* resulta evidente un profundo coñecemento da técnica do violín. O máis importante é a elección de clave que permite ao solista usar armónicos na tónica dominante e poñer brillo e cor no paso rápido das notas, así como permitir ao solista saltar facilmente oitavas para darlle máis sabor e textura. A introdución, un tanto melancólica, mantense nun rango baixo, mentres a brillante coda quédase na corda Mi por case a totalidade de 32 compases; tamén o uso repetido do staccato dinnos que esta peza foi escrita para lucimento á vez do instrumento e o executante.

No concerto de hoxe a frautista Rocío Balboa ofrece unha versión para Flauta e Banda en transcripción de José Luís Represas.

LA FORZA DEL DESTINO (Abertura) **G. Verdi (1813 -1901)**

La forza do destino é unha ópera en catro actos con música de Giuseppe Verdi e libreto en italiano de Francesco Maria Piave, baseado na obra teatral *Don Álvaro o la fuerza del sino* (1835) do escritor español Ángel de Saavedra, Duque de Rivas, cunha escena adaptada de Wallensteins Lager, de Friedrich Schiller. Foi representada por vez primeira no Teatro Bolshói Kámeny (logo Teatro Mariinski) de San Petersburgo, Rusia, o 22 de novembro de 1862. Verdi sentía inclinación polos temas españois.

O público non quedou moi satisfeito coa obra, dado que esperaba un libreto menos dramático, máis lixeiro. Pero malia todo, Verdi recibiu as felicitacións do zar Alejandro II de Rusia, que acudiu á cuarta representación, e a crítica.

Logo dalgunhas posteriores revisións, tiveron lugar pouco despois interpretacións en Roma en 1863 (como Don Alvaro) e Madrid, no Teatro Real, coa asistencia do mesmo Verdi e a presenza do Duque de Rivas entre o público. A ópera, posteriormente, viaxou a Nova York e Viena (1865), Bos Aires (1866) e Londres (1867).

Posteriormente fíxose unha segunda versión modificando o libreto en momentos excesivamente dramáticos así como a Abertura entre outros, levándose a cabo o seu estreo o 27 de febreiro de 1869 no Teatro alla Scala de Milán. Desde entón é esta, a segunda versión, a máis coñecida, a máis gravada habéndose convertido na versión estándar.

A abertura (da versión revisada da ópera) é parte do repertorio estándar para orquestras sinfónicas, sendo a miúdo interpretada como unha peza de apertura en concertos.

TEMPADA 2013-2014

PALACIO DA ÓPERA

Ciclo Inverno-Primavera

Xaneiro 2014

Domingo 19 - 12.15 h.

Febreiro 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 23 - 12.15 h.

Marzo 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 16 - 12.15 h.

Domingo 30 - 12.15 h.

Abril 2014

Domingo 13 - 12.15 h.


Domingo 27 - 12.15 h.

PALACIO DA ÓPERA
22 DE DECEMBRO - 12.15 H.

DIRECTOR:
JOSÉ LUIS REPRESAS

TEMPADA
2013/2014

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitálo en banda@coruna.es



BANDA
MUNICIPAL DE
MÚSICA
DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña